

**ENCONTROS CULTURAIS DA PRIMAVERA.
LETRAS GALEGAS 2009
CONCELLERÍA DE CULTURA.CONCELLO DE CULLEREDO**

O vindeiro sábado día 28 de marzo a partir das 20:00 horas terá lugar no Centro Cultural" de Culleredo o XIV CERTAME DE CANTO CORAL CONCELLO DE CULLEREDO e XVI Aniversario da Coral a Fonte do Souto coa participación ademais da Coral Fonte do Souto de Culleredo, dirixida por D. Luciano Lago Padín que cumpre 16 anos, xa que foi fundada en 1993, e que está patrocinada polo Concello de Culleredo.

Participarán as seguintes corais:

CORAL "AREAS DO MAR" DO CASINO DE ARES

Fundouse e comezou os seus ensaios no ano 1990, aínda que non fixo presentación ao público ata xuño de 1991 baixo a dirección de D. Jesús Fernández. Está encadrada dentro das actividades culturais do casino de Ares. Esta coral pertence dende a súa fundación á Federación de Corais Galegas e tamén está incluída nos circuítos culturais da Excma. Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia.

Realizou infinidade de actuacións por toda a comarca ferrolá e en boa parte de Galicia.

Está formada por 25 voces mixtas baixo a dirección de D. Francisco San Ramón.

Interpretarán o seguinte programa:

Un viejo amor - Alfonso Esperanza
Era una flor - Jesús Romo
Dolor de ausencia - J. Ruiz Gasch
Pregúntale a las estrellas.

CORAL "RENFE" DE MONFORTE DE LEMOS

Creouse o 10 de marzo de 1960 dentro dos grupos de empresa RENFE. A iniciativa partiu dun grupo de entusiastas que eran ferroviarios encabezados por D. Germán Arias Andrés, fundador e director desta coral ata 1992. Na actualidade a dirección recae en Adrián Real.

O seu repertorio componse por polifonías populares, música sacra, panxoliñas e obras doutras nacionalidades en distintos idiomas.

Interpretarán o seguinte programa:

Piel canela - Bolero. Arreglo Bobby Capo

Terra meiga - Foliada galega. F.A. Rey

El menú - Kart Zölner

A la fuente del olivo - Luis Bedmar

CORAL POLIFÓNICA "LEMBRANZAS DA TERRA" VALDOVIÑO-A CORUÑA

Froito dunha vella aspiración das xentes do noso pobo, fúndase a Agrupación Coral "Lembranzas da terra" ao amparo da A.C.R. "A Frouxeira", que tiña en marcha outras actividades. Fai a súa presentación no mes de xuño do ano 1987 no "Cinema Porta do Sol" de Valdoviño baixo a dirección de D. Antonio Illobre Toimil.

Actualmente esta coral está integrada por 35 voces mixtas, as cales proceden de distintos puntos do Concello, e dispón dun amplo e variado repertorio: música popular galega, habaneiras, folclore do mundo, etc. Tamén dispón no seu repertorio de dúas misas, unha en castelán e outra en galego, e variedade de Panxoliñas.

Interpretarán o seguinte programa:

Queixas - Letra e música T. Rodríguez

De cores - Habanera de J. Traiter

Airiños airiños aires - A. Jausarai

Rosina - Arm. Gonzalo Casiellas

CORAL "FONTE DO SOUTO" CULLEREDO

A coral "Fonte do Souto" fundouse no ano 1993 por un grupo de amantes da música. O obxectivo da mesma era difundir a música a través do canto coral e solemnizar tamén as festividades parroquiais.

Dende 1993 participou en numerosos actos, fóra e dentro de Galicia, que serían moi longos de detallar, causando unha grata impresión en todos aqueles nos que participou.

Na actualidade está composta por 32 voces mixtas, e interpreta música sacra, Zarzuela, habaneras, boleros, panxoliñas, canción rexional, etc. O seu director é D. Luciano Lago Padín.

Interpretarán o seguinte programa:

Maite - P. Sorozábal

Amigos para siempre - Andrew Lloyd Weber y Don Black

Muiñeira de Santo Amaro - Música Paulo Nogueira

El mochilón - Paseo. V.C. Eduardo Correa

Culleredo, 23 de marzo de 2009.

O Concelleiro de Cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez